

1 · Poderán concorrer a este concurso literario, alumnos e alumnas de Ensino Secundario, Bacharelato e Ciclos Formativos en dúas modalidades:

Modalidade A: Alumnado de 12 a 15 anos.

Modalidade B: Alumnado de 16 a 20 anos.

2 · Presentarán catro poemas inéditos, de tema e forma libres e escritos en galego.

3 · Concederanse dous premios en cada modalidade.

Modalidade A

Primeiro premio: 150€

Segundo premio: 100€

Modalidade B

Primeiro premio: 200€

Segundo premio: 150€

4 · Os traballos presentados ao concurso non levarán nome do autor ou autora, senón un pseudónimo ou lema. Nun sobre pechado introduciranse os datos persoais do autor ou autora (nome, idade, enderezo, teléfono, curso e centro onde estuda). No exterior do sobre figurará soamente o pseudónimo ou lema.

5 · Toda a documentación citada na base anterior deberá remitirse ao I.E.S. a Sangriña, en sobre pechado, facendo constar no seu exterior:

“IV CERTAME DE POESÍA XELA ARIAS”

IES A Sangriña

Avda. de Portugal, 21

36780 - A Guarda (Pontevedra)

6 · O xurado estará constituído por creadores especialistas en Literatura Galega. A presidencia será asumida pola Directora do Centro IES A Sangriña ou persoa en quen delegue.

7 · A Decisión do xurado, que será inapelable, adoptarase por maioría simple. A participación no certame supón a plena aceptación destas bases. En caso de dúbida prevalecerá única e exclusivamente a opinión do xurado. Os premios poderán declararse desertos.

8 · O IES A Sangriña resérvase durante un ano o dereito de publicar as obras premiadas. Neste sentido, os autores renuncian a favor do IES A Sangriña, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor.

9 · O prazo de admisión dos traballos finalizará o 28 de maio de 2010.

10 · O fallo do xurado darase a coñecer o día 4 de xuño 2010.

11 · A entrega de premios terá lugar o día 10 de xuño nun acto literario no IES A Sangriña.

4º certame de poesía XELA ARIAS



ORGANIZA:



A SANGRIÑA